



Área / Unidad OFICIALIA MAYOR OF000 MIM	Documento 10114I02OZ	
Código de verificación  254I 1W2I 4L0O 402P 0R1R	Expediente 000/2019/87	
	Fecha 03-11-2020	

Asunto
DECRETO DE MODIFICACION DE DECRETOS 3846 y 3847/2019 SUSTITUYENDO DECRETO 5863/2020

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

Mediante o Decreto 5863/2020 acomodaronse as atribucións delegadas pola Alcaldía na Área de Economía, Facenda e Réxime Interior para os recoñecementos de obrigacións trala asunción de Cultura, Bibliotecas e Museos Científicos por parte da Alcaldía, modificado polo Decreto 5894/2020, e no que se modificaron os Decretos 3846 e 3847/2019 do 26 de xuño.

Na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local procederáse a nomear á persoa titular la Dirección de Área de Cultura, polo que procede adaptar o acordo de delegación de atribucións da Xunta de Goberno Local levado a cabo o 9 de setembro de 2020 e, en coherencia co anterior corresponde tamén facer os oportunos axustes nas atribucións específicas delegadas pola Alcaldesa no Decreto 3846/2019 e 3847/2019.

En consecuencia, en uso das atribucións legalmente conferidas a esta Alcaldía nos artigos 124.4 b), e) e k), da Lei 7/1985 de 2 de abril,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar o apartado b) das delegacións específicas da Alcaldía na Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior comprendidas no parágrafo V do apartado Cuarto do Decreto 3846/2019 do 26 de xuño, de tal xeito que onde di:

b) O recoñecemento de obrigacións derivadas de compromisos adquiridos cuxo seguimento e responsabilidade de execución corresponde á Área de Alcadía, coa única excepción coa única excepción dos recoñecementos de obrigas que deriven do órgano directivo de Alcaldía.

Pase a ter a seguinte redacción:

b) O recoñecemento de obrigacións derivadas de compromisos adquiridos cuxo seguimento e responsabilidade de execución corresponde á Área de Alcadía, coa única excepción dos recoñecementos de obrigas que correspondan ao Coordinador xeral municipal ou ao Director de Área de Cultura.

SEGUNDO.- Modificar o apartado Segundo do Decreto 3847/2019 do 26 de xuño, engadindo as seguintes delegacións específicas na persoa titular da Dirección de Área de Cultura:



- A Dirección de Área de Cultura comprende as seguintes facultades:
 - a) Recoñecemento de obrigacións derivadas de compromisos adquiridos cuxo seguimento e responsabilidade de execución lle corresponda e co límite das delegacións en materia de contratación e xestión económica delegadas pola Xunta de Goberno Local.

TERCERO.- Modificar os parágrafos c) e d) do apartado Terceiro do Decreto 3847/2019 do 26 de xuño, engadindo en ámbolos dous o seguinte:

“agás no caso do Director de Área de Cultura, para o que se estará ás delegacións que en materia de xestión económica e contratación lle confira cada momento a Xunta de Goberno Local”

CUARTO.- Dar conta do presente Decreto á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre. Publicar o presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Demorar a eficacia das delegacións incluídas no presente Decreto ata a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e tamén para:

- actos administrativos afectados polo presente Decreto e que estiveran na data de publicación no BOP no “portafirmas” da Concellería delegada de Economía, Facenda e Réxime Interior ou do Coordinador xeral municipal.
- actos administrativos que, formando parte dun expediente de gasto, xa foran obxecto de fiscalización pola Intervención municipal ata a data de publicación no BOP, ou ben sexan consecuencia da referido fiscalización e deban ser obxecto de resolución de discrepancia en base ao establecido no artigo 217 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

SEXTO.- Quedan revogadas as delegacións conferidas en Decretos anteriores no que se opoñan ou contradigan ás conferidas no presente Decreto.

Alcaldía da Cidade da Coruña, a 4 de novembro de 2020

A Alcaldesa,

Inés Rey García